

REGULAMENTO
III TRAIL E ANDAINA
CASTELO DE MOECHE



DOMINGO 18 DE DECEMBRO DE 2022

REGULAMENTO DO II TRAIL E ANDAINA CASTELO DE MOECHE

1. ORGANIZACIÓN:

O Club de Montaña Moeche organiza o "III Trail e Andaina Castelo de Moeche". A proba terá lugar o domingo 18 de decembro de 2022 dende as 10:00 hs con saída e chegada nas inmediacións do Castelo de Moeche, na parroquia de San Xurxo.

2. COLABORADORES:

Para poder levar a cabo esta proba, contamos coa colaboración da Deputación da Coruña, o Concello de Moeche, Protección Civil e a Asociación de Veciños do Val de Moeche.

3. DESCRIPCIÓN DAS PROBAS:

- ✓ O Trail é una carreira de montaña de carácter popular que discorre por sendas, pistas e montes do val do Concello de Moeche. A distancia é de 16 kms e un desnivel positivo de 750 m.
- ✓ A Andaina é unha proba non competitiva de carácter popular que discorre por parte do percorrido do Trail. A distancia aproximada é de 12 kms cun denivel de 500 m.
- ✓ Son trazados de dificultade técnica e física media-baixa.
- ✓ Existe algún pequeno tramo de enlace por estrada e, aínda que haberá persoal da organización controlando o tráfico, os/as corredores/as deberán respectar as normas de seguridade viaria, xa que as estradas non estarán pechadas.
- ✓ O percorrido estará debidamente sinalizado por cartéis, cintas e/ou pintura ecolóxica.
- ✓ A Organización poderá modificar o percorrido por causas alleas e/ou de forza maior.
- ✓ O tempo máximo do que disporán os/as participantes do Trail e da Andaina para cubrir os respectivos percorridos, será de 3 hs 30 minutos no Trail e 4 hs na andaina (peche da meta as 14:00 hs)
- ✓ Habilitaranse dous postos de avituallamento nos quilómetros 6 e 12,5 con auga, bebida isotónica, froita e doces; ademais do disposto na meta.
- ✓ A carreira estará cronometrada por un sistema de cronometraxe mediante chip (so no caso do Trail).
- ✓ Asistencia médica: Os servizos sanitarios e a ambulancia estarán ubicados na zona de saída/meta.

4. PARTICIPACIÓN:

Na proba poderán participar todos/as os/as corredores/as que o desexen sempre e cando cumpran os seguintes requisitos:

- ✓ Estar debidamente inscrito/a e pagada a cuota correspondente
- ✓ Ter 18 anos cumpridos o día da proba para o Trail

- Ter 12 anos cumpridos o día da proba da Andaina (os menores deberán ir acompañados dun adulto).
- O/A corredor/a ten que estar físicamente ben preparado/a para a carreira, gozar de boa saúde xeral sen padecer enfermidade, defecto físico ou lesión que poida agravarse coa súa participación en dita proba. O/A deportista asume que para a realización da proba é necesaria unha boa condición física, psíquica e deportiva.
- Non é necesario posuír licenza federativa.
- Os/As participantes non poderán saír do percorrido marcado.
- A aceptación do regulamento supón, tamén, o compromiso e o respecto ó medio ambiente, a fauna e a flora, antes, durante e despois da proba.
- Na Andaina pódese ir acompañado por animais, sempre e cando vaia suxeitos por unha persoa, teñan o chip e seguro, e non sexan perigosos para o resto dos participantes.
- **Os participantes na Andaina deberán ceder o paso aos participantes do Trail, poñéndose en fila de un e apartándose a unha beira do camiño.**
- Todos/as participantes están obrigados/as a auxiliar a posibles accidentados.
- Os únicos vehículos autorizados a seguir a proba serán os designados pola organización quedando prohibido, para evitar posibles accidentes, seguir ós corredores en moto, bicicleta ou outro medio por todo o percorrido.
- No caso de retirada da proba e/ou accidente, débese comunicar ó persoal da organización e entregar o dorsal. O/A corredor/a asume toda a súa responsabilidade dende que abandona voluntariamente a proba ou é descualificado. Si decide continuar no percorrido será baixo a súa absoluta responsabilidade.
- Os/As corredores/as deben vestir e calzar prendas adecuadas para o terreo e as condicións climáticas existentes.
- Seguro: cada participantes estará amparado/a por unha póliza de Responsabilidade Civil e de Accidentes Deportivos, excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis ou da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desplazamento ao lugar da competición ou dende o mesmo.
- A Organización poderá retirar da carreira, baixo o seu criterio, os/as participantes que teñan problemas físicos evidentes, tales como vómitos, desorientación, desmaios, etc. que poidan poñer en perigo a súa saúde, ou aqueles/as que teñan mermas as súas condicións físicas para continuar en carreira.
- É obriga de cada participante portar consigo calquera residuo que xere: envases, papeis, residuos orgánicos, etc., ata os lugares sinalados e habilitados pola organización.
- As reclamación deberán ser feitas verbalmente á organización, non mais tarde de 30 minutos unha vez comunicado oficialmente os resultados.

5. DESCUALIFICACIÓN:

- Quedará descualificado/a desta proba todo o/a que non cumpra o presente regulamento, non complete a totalidade do percorrido, deteriore ou ensucie o

entorno, non leve o seu dorsal ben visible e o chip ben colocado (só no caso do Trail) ou desatenda as indicacións da organización.

- ✓ Non auxiliar ó participante que o necesite.
- ✓ Participar baixo identidade falsa ou suplantando a outra persoa.
- ✓ Será motivo de descualificación calquera infracción grave ou comportamento antideportivo que estime a organización.
- ✓ O descoñecemento de este regulamento non exime do seu cumprimento.

6. INSCRIPCIÓN:

- ✓ As inscrición, consulta de clasificación e tempos centralizaráanse na páxina web: www.galitiming.com, o atleta deberá cubrir o formulario de inscrición, que estará limitada a un máximo de 350 participantes no Trail e 150 na andaina.
- ✓ A data límite de inscrición será o luns 12 de decembro de 2022 ás 23:59 hs.
- ✓ Os presos da inscrición serán:
 - TRAIL: 18€
 - Andaina: 14€
- ✓ **A inscrición dá dereito a participar na actividade, seguro de responsabilidade civil, seguro de accidentes, avituallamentos, casmisola conmemorativa e comida final (GRATUITA), servizo de gardería, visita ó Castelo, asistencia médica e duchas.**

*****IMPORTANTE: PARA TODXS AQUELXS INSCRITXS PARA O TRAIL E ANDAINA DO 13 DE NOVIEMBRE, O PRAZO DE DEVOLUCIÓN ESTÁ ESTABLECIDO ATA O MESMO 13 DE NOVIEMBRE. XS QUE O DESEXEN, PODEN QUEDAR INSCRITXS PARA A PROBA DO 18 DE DICIEMBRE.!!!! AS DEVOLUCIÓN SÓLICÍTÁDEAS DIRECTAMENTE POR MEDIO DE GALITIMING OU NO TFNO DA ORGANIZACIÓN 629 030 384 (preferentemente por medio de whatsapp).**

- ✓ Todos/as participantes polo feito de inscribirse e tomar a saída, aceptan o presente regulamento e a cesión dos dereitos de imaxe e contados audiovisuais (sen fins comerciais) á organización.
- ✓ De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal, todos os datos dos participantes recollidos no formulario de inscrición serán incluídos nun ficheiro privado propiedade do Concello de Moeche, con fins exclusivos de xestión da proba. Todos os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos persoais mediante correo-e a clubemontanamoeche@gmail.com
- ✓ Todo/a participante, polo feito de inscribirse acepta as condición e regulamentacións impostas pola organización, polo que libera expresamente á organización ou a calquera outro patrocinador ou colaborador, ante todo tipo de accidente, lesión ou eventualidade que puidera xurdir derivada da súa participación na proba, e que non estivese cuberta polo seguro contratado.
- ✓ As inscrición son persoais e non transferibles, supoñendo a aceptación de todo o disposto no presente regulamento e incluído o servizo de seguro ó que obrigan os preceptos legais.
- ✓ Non se aceptarán inscrición fora do prazo establecido nin por outro medio.
- ✓ Política de cancelación da inscrición: Ata o 5 de decembro pódese anular a inscrición con devolución do 50% da cota, polos gastos xerados (9€ Trail / 7€ Andaina). Dende o 12 de novembro non se farán devolucións.

7. SERVIZOS DA CARREIRA:

- ✓ Inscricións, pasarela de pago e resultados on-line
- ✓ Cronometraxe por chip (Trail)
- ✓ Seguros de accidentes e R.C.
- ✓ Servizo de ambulancia e asistencia médica.
- ✓ Avituallamento líquido e sólido na carreira.
- ✓ **Degustación de Liscos, Chourizos, Empanada, Biscoito e Froita (GRATUITO).** Na carpa habilitada a tal efecto nas proximidades da Igrexa de San Xurxo.
- ✓ Duchas nas proximidades do Castelo.
- ✓ Camisola conmemorativa.
- ✓ Servizo de fisioterapia (masaxe postcarreira PARA CASOS URXENTES E XUSTIFICABLES).
- ✓ Visita gratuita ós Castelo a corredores/as e acompañantes (so 18 de decembro)
- ✓ Servizo de gardería.
- ✓ Reportaxe fotográfico
- ✓ Speaker animando a proba
- ✓ Parking
- ✓ Gardarroupa

8. HORARIOS:

Sabado 17 de decembro de 2022:

- ✓ 16:00 a 20:00hs: Recollida de dorsáis no interior do Castelo

Domingo 18 de decembro de 2022:

- ✓ 9:00 – 10:15: Recollida de dorsáis no interior do Castelo
- ✓ 10:00: Saida Andaina
- ✓ 10:30: Saida Trail
- ✓ 12:30: Entrega de trofeos ós primeiros clasificados
- ✓ 13:00: Comezo de reparto de racións de comida na carpa
- ✓ 14:00: Clausura da proba

9. CATEGORÍAS:

Establécense as seguintes categorías:

- ✓ SENIOR MASCULINO E FEMININO: 18 anos (cumpridos o día da proba) ata 39 anos (a cumprir no 2022)
- ✓ VETERÁN MASCULINO E FEMININO: 40 anos en diante (a cumprir no 2022)

10. PREMIOS:

Recibirán trofeo:

- ✓ Os/as tres primeiros/as clasificados/as (TRAIL) de cada categoría e sexo.
- ✓ O/a 1º clasificado/a empadroados no Concello de Moeche.
- ✓ Trofeo e medallas para o equipo con mais membros participantes no Trail (para iso debe de facer constar o nome do equipo na inscrición).

Os/as premiados deberán estar presentes no acto de entrega de trofeos.

A organización pode solicitar documentación para comprobar a identidade e categoría dos/as premiados/as. A non aportación desta, poderá ser motivo de descualificación.

11. LOCALIZACIÓN:

- A saída e meta situaranse nas inmediacións do Castelo de Moeche, na Parroquia de San Xurxo (Moeche) – Coordenadas 43°33'00"N 7°59'35"O – Nesta zona tamén estarán ubicados os servizos de ambulancia e asistencia médica, recollida de dorsáis, servizo de gardería, servizos, parking, fisioterapia e entrega de trofeos.
- As duchas e zona de comida tamén se ubicarán nas proximidades do Castelo.

12. DORSÁIS E CHIPS:

- ✓ A organización pode requirir que os/as participantes se identifiquen co DNI na entrega de dorsáis.
- ✓ Os/as corredores/as están obrigados/as a levar o dorsal facilitado pola organización. Este levarase nun lugar visible na parte dianteira durante toda a proba e non podrá ser doblado nin recortado.
- ✓ O chip (Trail) debe ir colocado correctamente para poder aparecer na clasificación final.
- ✓ A non devolución do chip e portachip ao finalizar a carreira, suporá un coste extra de 5€ para o seu titular.
- ✓ A clasificación xeral oficial publicárase na web da empresa de cronometraxe.


13. ORGANIZACIÓN E VOLUNTARIOS:

- ✓ Declina toda responsabilidade en caso de accidente ou negligencia, así como sobre a perda ou dano dos obxectos de cada participante.
- ✓ A súa vez, os participantes exoneran á organización de toda responsabilidade en caso de accidente ou lesión.
- ✓ A organización da proba garantirá a seguridade dos participantes dispoñendo para elo as medidas e persoal necesarios.
- ✓ Contemplase a presenza de vehículos oficiais, tanto da organización como de medios de seguridade, debidamente identificados.

- Os/as voluntarios/as prestarán asistencia e facilitarán información aos corredores/as. Un grupo de voluntarios/as identificados/as con prendas oficiais da organización estarán situados en cruces, avituallamentos e zonas perigosas.
- A organización reservase o dereito exclusivo das imaxes, fotografías, videos e información da proba, nas que poidan aparecer os/as participantes, así como de utilizar ese material para anuncios, relación públicas ou calquera outro propósito periodístico ou de promoción do evento. Calquera proxecto mediático ou publicitario deberá contar previamente co consentimento da organización.
- Para todo o non especificado no Regulamento, acollerase ó disposto polo Comité Organizador.
- A organización poderá decidir a suspensión ou aprazamento da proba con carácter previo por motivos organizativos, ou durante a celebración da mesma por calquera causa que afecte á seguridade na celebración da mesma (alertas por temporal, etc,...), non xerándose dereito algún para os inscritos, agás o de devolución das taxas de inscrición.

14. PERCORRIDO TRAIL (17 KM aprox):

<https://es.wikiloc.com/rutas-carrera-por-montana/i-trail-castelo-de-moeche-43254443>



15. PERFIL DA PROBA (DENIVEL 750+):



16. PERCORRIDO ANDAINA (12,98 KMS):


<https://es.wikiloc.com/rutas-senderismo/i-trail-andaina-castelo-de-moeche-43619583>



17. PERFIL DA PROBA (DENIVEL 532+):



18. CÓMO CHEGAR (Coordenadas 43°33'00"N 7°59'35"O / 43.54992, -7.99296):



19. MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO:

A organización resérvase o dereito de modificar o que considere oportuno deste regulamento antes ou durante a realización do evento, xa sexa por causas meteorolóxicas, organizativas ou de seguridade.